

Normativa da Delegación de Alumnado da Facultade de Historia do Campus de Ourense

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL.

Artigo 1.- O espazo físico da Delegación sitúase no Edificio de Facultades do Campus de Ourense, C.P. 32002, no primeiro andar na sala 124. O número de teléfono é 988387305. O enderezo de correo electrónico é dafho@uvigo.es .

Artigo 2.- Esta normativa da Delegación configúrase por tempo indefinido e deberá ter a aprobación da Xunta de Facultade, para, deste xeito ser incluída na normativa interna do centro. Poderá ser revisada e, no seu caso, modificada cando o propoña a maioría dos membros da delegación sea aprobada pola Xunta de Facultade.

2.1. Para facer modificacións dos Capítulos destes Estatutos necesitarase a presenza en Xunta Ordinaria do total dos delegados (Salvo baixa xustificada), requirirá o voto favorable de dous terzos dos asistentes.

Artigo 3.- O seu fin principal é a representación do estudantado da Facultade de Historia de Ourense.

Artigo 4.- A Delegación, como espazo físico, é o lugar no que o estudantado pode informarse dos asuntos do seu interese e, na medida do posible, utilizar este local, o material de oficina e equipamentos dispoñibles nel. No caso de ausencia dun representante, o alumnado deberá facerse responsable das instalacións e os materiais.

4.1. Antes e despois de facer entrega da chave da delegación, será preciso cubrir un rexistro de entrada e saída co nome, DNI, sinatura e horario; na conserxería do centro.

4.2. Calquera incidente que ocorrera na Delegación será responsabilidade dos alumnos que nese momento estean usando a delegación, según figure no rexistro da conserxería.

Artigo 5.- A Delegación de Alumnado é un espazo democrático e libre, no que queda terminantemente prohibido calquera plataforma ou siglas políticas, xa que para isto xa hai habilitados os espazos pertinentes.

Artigo 6.- As funcións dos representantes de alumnos serán:

6.1. Asumir as responsabilidades derivadas do seu cargo representativo.

6.1.1. Canalizar as propostas, suxestións, incidencias e reclamacións que realice o estudantado diante dos órganos da Universidade.

6.1.2. Establecer comunicación coas autoridades académicas na procura da información axeitada sobre a vida universitaria.

6.1.3. Xestionar os seus recursos.

6.1.4. Promover e coordinar actividades de extensión universitaria, as cales se organizarán a través das comisións pertinentes.

6.1.5. Elixir aos seus representantes naqueles casos para os que non exista regulamento de elección, como pode ser o caso das comisións independentes da Facultade (Calidade, prácticas...)

6.2. Facer un uso axeitado da información recibida, respectando a confidencialidade cande sexa requerida polo informante.

6.3. Protexer, fomentar e defender os bens e dereitos da Universidade de Vigo.

6.4. Informar ao alumnado das actividades e resolucións dos órganos colexiados e das súas actuacións.

6.5. En caso de incumprimento de ditos deberes de forma reiterada, ou desvinculación co centro, decaería no seu dereito de representación, sen afectar a súa labor en outros órganos de goberno.

Artigo 7.- Os representantes dos estudantes teñen dereito a:

7.1. Exercer libremente a súa representación coas limitacións derivadas das normas legais e o respecto ás persoas e ás institucións.

7.2. Recibir información exacta e puntual sobre a temática que afecte ao estudantado.

7.3. Participar no proceso de toma de decisións internas da Delegación de Alumnado, e dos órganos externos nas que estean respresentados.

7.4. Que os seus deberes académicos se axeiten, na medida do posible, ás súas actividades de representación.

CAPÍTULO II. FUNCIONAMIENTO DA DELEGACIÓN.

Artigo 1.- Serán membros da Delegación de Alumnado os estudantes que, elixidos a través dos distintos procesos electorais, formen parte dos Órganos colexiados de goberno da Facultade de Historia e/ou da Universidade de Vigo, ou aqueles que sexan delegados electos dos seus respectivos cursos.

1.1. A condición de delegado perdérase por vontade propia, a través dun escrito formal á directiva da Delegación.

1.1.1. No caso de dimisión dun dos membros da Delegación, o seu posto pasará a ser ocupado polo seguinte da respectiva lista.

1.2. A expulsión dun delegado realizarase a través do seguinte proceso: Unha primeira votación por unanimidade dos membros da Xunta de Delegados, e logo en segunda votación por maioría de dous terzos do total de delegados.

1.3. A ausencia reiterada sen xustificación de máis de 4 Xuntas sen xustificación conlevará a expulsión da Delegación de Alumnado.

1.3.1. A expulsión/renuncia a ser membro de esta Delegación non implica a invalidación do cargo de representante en Xunta de Centro. Pero, se a renuncia é á Xunta de Centro, si que se perde o cargo de membro do Delegación de Alumnado.

1.4. Calquera membro pode darse de baixa temporalmente alegando motivos de saúde ou persoais, previa entrega en Xunta de Delegación dun escrito xustificativo que deberá ser aprobado por esta.

Artigo 2.- A delegación está composta e funcionará a través dunha xunta de membros que será coñecida como Xunta de Delegación. Desta formarán parte os membros representantes en Xunta de Centro e os delegados de curso. É o órgano de máxima representación da asociación, e no que se tomarán a maioría das decisións. A Xunta de Delegación é o órgano representante dos cargos de dirección da Delegación, formado polos membros que se indican no Artigo 2 do Capítulo 3.

2.1. Convocaranse Xuntas Ordinarias o primeiro venres de cada mes; e Extraordinarias previa presentación dunha Orde do Día que o xustifique cun mínimo de tres días de antelación.

Artigo 3.- Cunha periodicidade cuatrimestral, convocarase unha Asemblea, aberta á participación do alumnado e presidida polos membros da Delegación de Alumnado.

Artigo 4.- O sistema para resolver os asuntos en Xunta de Delegación será por votación a man alzada. As resolucións requirirán para ser aprobadas ter unha maioría simple. No caso de empate, será a figura do presidente quen resolverá a cuestión.

CAPÍTULO III. CARGOS DA DELEGACIÓN.

Artigo 1.- A Xunta de Delegación estará composta por: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e Vogais

Artigo 2.- A estrutura interna da Delegación de Alumnado da Facultade de Historia, que será elixida entre os seus membros, estará composta por:

3.1. Cargos:

Presidente, e as súas atribucións serán:

- Ostentará a dirección da Delegación velando polo cumprimento dos seus fins.
- Representará legalmente á asociación ante as institucións pertinentes e ante o alumnado.
- Convocar e presidir as reunións da Xunta de Delegación, así como dirixir as deliberacións que nelas se dean. Por outro lado, ten a capacidade de decidir no caso dun empate de votos nunha Xunta.
- Ordear pagos e autorizar coa súa firma as certificacións e a correspondencia.
- Adoptar calquera medida urxente que sexa convinte.

Vicepresidente:

- Asumirá as función e atribucións do presidente, substituíndoo en caso de vacante ou ausencia.

Secretario:

- Ostentar a dirección dos traballos administrativos.
- Custodiar e manter actualizados os libros de actas.
- Custodiar os documentos e selo da Delegación.
- Expedir as convocatorias e as actas das reunións, e asegurar e dar fe das mesmas co visto bo do Presidente.

Tesoureiro:

- Ostentar a dirección dos traballos de xestión económica.
- Custodiar os libros de contabilidade, inventarios, así como todos os documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.
- Preparar os orzamentos, contas anuais, e balances para a súa presentación ante a Xunta de Delegación.
- Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Vogais:

- Asumir as responsabilidades emanadas da dirección e Asemblea e as obrigas propias do seu cargo; así como as que se lle encomenden das comisións de traballo que sexan creadas.

3.2. Comisións: Crearanse dúas comisións propias da Delegación. Unha para a coordinación dos diversos eventos, e estará composta polos seguintes cargos:

Responsable de difusión

Responsable de loxística

Responsable de administración

E a outra será unha comisión de difusión encargada da promoción a través das redes sociais e outros medios de difusión da Delegación (Blog, Mail, Facebook...).